


UXUE ALBERDI

O xogo das cadeiras

Traducido por Isaac Xubín



Hugin e Munin

—Cofa ben, Teresa!

Eu asentía coa cabeza e a miña nai saía á rúa dando unha pequena carreira. Os domingos remocicaba dez anos. As xógaras das súas pernas aceptaban con gusto as lastras da rúa da igrexa, as mesmas que outros días maldicía, e coas alpargatas na man baixaba descalza a Artzape, ao peitoril de pedra no peirao. A miña nai, coma min, tiña a segunda deda moito máis longa ca a gorda, un centímetro polo menos, e tamén un xoanete sensible. Decía que era culpa de Tomaxa, a parteira, que lle botara un arangaño durante o último preñazo, no cuarto mes, que ben o notara ela no ventre. Cismas da miña nai, que vivía amargada por mor do meu pai.

A miña irmá renga ríase de min á conta desa deda; aproveitaba calquera cousa que fose longa de máis, curta de máis, retorta de máis ou recta de máis para moquearse, pero eu, mirando o centímetro sobrance da miña segunda deda, retrucaba seria: «Pois iso que che saco, María Jesus».

Ou sexa, que á miña nai non lle doían os pés os domingos, e as lastras nin as amentaba. Eu, dende o fachinel do meu cuarto, víaa dez anos máis nova, custa abaixo,

lixreira: nunha man levaba as agullas de calcetar, o nobelo ondulado e calquera petisco para xantar, e na outra collía as alpargatas e o bordo da saia vermella dos días festivos; andaba coas mazás das pernas ao aire. Gustábame vela a través das cortinas floreadas, ollar para ela namentres apreixaba na man o mulido para encerar; que fermosa a miña nai endomingada. O certo é que sempre me gustou mirala; mirala a ela e mirar todo o que se movese, dende ben pequecha, mesmo dende antes de que me saíse a segunda meniña no ollo esquerdo. Pero iso facíalle perder o tino a Maria Jesus.

—Teresa! Deixa de atusmar e alpeira! Cres que sempre has ser a pequena da casa, ou? Bule dunha vez, apampada!

Envexa era o que me tiña a coxa. Maria Jesus, a miña irmá máis vella, era renga e gastaba un luído zapato de madeira. Eu era máis aleuta ca ela, e máis bonita. Daquela tiña un pelo longo, brillante e mesto que me caía en debuxos de rizos polos ombreiros e que, ao contrario ca a meirande parte das mozas, levaba solto. Mesmo nos días de moito refoleo. Todas as mozas, que lucían moños tirantes, xiraban a cabeza ao pasaren ao meu carón e dicían: «Que pelo tan fermoso!». Moita rabia lle daba á miña irmá, a envexa corroíaa por dentro. Foi a envexa a que lle roeu a perna dereita, a envexa, abofé. Apostaría a miña deda longa a que a coxa non se arrepenitiu o máis mínimo cando aconteceu o que aconteceu na praza da Verdura. Porque era máis mala ca o demo. Só lle chamaba Maria Jesus cando estabamos diante da nosa nai; para min, nas restantes situacións, era a coxa, simplemente a coxa.

Soñaba con ela, e moitas noites espertaba enchoupada en suor. O peor era que durmíamos na mesma peza por-

